

Programación de Percusión



Índice

| | | |
|-----------|---|-----------|
| 1. | Introdución | 5 |
| 1.1 | Marco Legal..... | 5 |
| 1.2 | Características do centro | 6 |
| 1.3 | Características do alumnado..... | 7 |
| 2. | Obxectivos xerais das ensinanzas musicais | 8 |
| 2.1 | Grao elemental..... | 8 |
| 2.2 | Grao profesional..... | 9 |
| 3. | Obxectivos específicos das ensinanzas musicais | 10 |
| 4. | Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Percusión | 11 |
| 4.1 | Grao elemental da materia de Percusión..... | 11 |
| 4.1.1 | Obxectivos para o grao elemental | 11 |
| 4.1.2 | Contidos do grao elemental | 11 |
| 4.1.3 | Criterios de avaliación para o grao elemental | 12 |
| 4.2 | Grao profesional da materia de Percusión..... | 13 |
| 4.2.1 | Obxectivos do grao profesional..... | 13 |
| 4.2.2 | Contidos do grao profesional | 13 |
| 4.2.3 | Criterios de avaliación para o grao profesional..... | 14 |
| 5. | Metodoloxía | 16 |
| 5.1 | Principios metodolóxicos..... | 16 |
| 5.2 | Métodos didácticos..... | 17 |
| 6. | Atención á diversidade | 17 |
| 7. | Temas transversais | 18 |
| 7.1 | Educación en valores | 18 |
| 7.2 | Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) ... | 19 |
| 8. | Actividades culturais e de promoción das ensinanzas | 20 |
| 8.1 | Actos institucionais..... | 20 |
| 8.2 | Cursos e clases maxistras..... | 21 |
| 8.3 | Audicións..... | 21 |
| 8.4 | Outros..... | 22 |
| 9. | Secuenciación por cursos | 22 |
| 9.1 | Curso: 1º de grao elemental..... | 22 |
| 9.1.1 | Obxectivos | 22 |
| 9.1.2 | Contidos | 23 |
| 9.1.3 | Avaliación..... | 25 |
| 9.1.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 28 |
| 9.1.5 | Medidas de recuperación | 28 |



| | | |
|------------|--|-----------|
| 9.1.6 | Recursos didácticos | 29 |
| 9.2 | Curso: 2º de grao elemental..... | 31 |
| 9.2.1 | Obxectivos | 31 |
| 9.2.2 | Contidos | 31 |
| 9.2.3 | Avaliación | 34 |
| 9.2.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 34 |
| 9.2.5 | Medidas de recuperación | 37 |
| 9.2.6 | Recursos didácticos | 38 |
| 9.3 | Curso: 3º de grao elemental..... | 39 |
| 9.3.1 | Obxectivos | 39 |
| 9.3.2 | Contidos | 40 |
| 9.3.3 | Avaliación | 42 |
| 9.3.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 42 |
| 9.3.5 | Medidas de recuperación | 46 |
| 9.3.6 | Recursos didácticos | 47 |
| 9.4 | Curso: 4º de grao elemental..... | 48 |
| 9.4.1 | Obxectivos | 48 |
| 9.4.2 | Contidos | 49 |
| 9.4.3 | Avaliación | 52 |
| 9.4.4 | Medidas de recuperación | 52 |
| 9.4.5 | Recursos didácticos | 55 |
| 9.5 | Curso: 1º de grao profesional..... | 59 |
| 9.5.1 | Obxectivos | 59 |
| 9.5.2 | Contidos | 59 |
| 9.5.3 | Avaliación | 62 |
| 9.5.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 65 |
| 9.5.5 | Medidas de recuperación | 66 |
| 9.5.6 | Recursos didácticos | 67 |
| 9.6 | Curso: 2º de grao profesional..... | 70 |
| 9.6.1 | Obxectivos | 70 |
| 9.6.2 | Contidos | 70 |
| 9.6.3 | Avaliación | 73 |
| 9.6.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 76 |
| 9.6.5 | Medidas de recuperación | 77 |
| 9.6.6 | Recursos didácticos | 78 |
| 9.7 | Curso: 3º de grao profesional..... | 80 |
| 9.7.1 | Obxectivos | 80 |
| 9.7.2 | Contidos | 81 |
| 9.7.3 | Avaliación | 84 |
| 9.7.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 87 |
| 9.7.5 | Medidas de recuperación | 88 |
| 9.7.6 | Recursos didácticos | 89 |
| 9.8 | Curso: 4º de grao profesional..... | 91 |
| 9.8.1 | Obxectivos | 91 |
| 9.8.2 | Contidos | 92 |



| | | |
|------------|---|------------|
| 9.8.3 | Avaliación | 95 |
| 9.8.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 98 |
| 9.8.5 | Medidas de recuperación | 99 |
| 9.8.6 | Recursos didácticos | 100 |
| 9.9 | Curso: 5º de grao profesional..... | 102 |
| 9.9.1 | Obxectivos | 102 |
| 9.9.2 | Contidos | 103 |
| 9.9.3 | Avaliación | 107 |
| 9.9.4 | Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 110 |
| 9.9.5 | Medidas de recuperación | 111 |
| 9.9.6 | Recursos didácticos | 112 |
| 9.10 | Curso: 6º de grao profesional..... | 115 |
| 9.10.1 | Obxectivos | 115 |
| 9.10.2 | Contidos | 115 |
| 9.10.3 | Avaliación | 119 |
| 9.10.4 | Medidas de recuperación | 122 |
| 9.10.5 | Recursos didácticos | 123 |
| 10. | Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica | 127 |
| 11. | Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento..... | 128 |
| 12. | ANEXOS..... | 129 |
| 12.1 | Probas de acceso a 1º de grao profesional | 129 |
| 12.2 | Probas de acceso a outros cursos..... | 129 |
| 12.3 | Premios Fin de Grao | 129 |
| 12.3.1 | Contidos da proba | 129 |
| 12.3.2 | Criterios de avaliación..... | 129 |
| 12.3.3 | Criterios de cualificación | 130 |
| 12.4 | Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais..... | 130 |
| 12.5 | Faltas de asistencia..... | 130 |



1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Percusión está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao elemental e dos seis de que consta o grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de percusión de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1 Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento



Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2 Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Vigo é un centro público creado no ano 2003 despois da separación obrigatoria tal e como dispoñía a Lei Orgánica 1/1990 Xeral de Ordenación Educativa do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Sito na rúa Fotógrafo Felipe Prósperi s/n, entre a Avenida da Florida e Praza da Miñoa, o centro conta con instalacións axeitadas ás ensinanzas musicais, resultando un tanto escaso de espazos para a demanda que unha cidade como Vigo fai das ensinanzas musicais.



O centro sitúase na bisbarra de Vigo, zona amplamente industrializada. A actividade musical da zona xira en torno á existencia de un grande número de bandas populares e coros onde moitos/as alumnos/as reciben unha formación musical inicial. Existen tamén na zona un número importante de escolas de música públicas e privadas, e nos últimos anos tamén se crearon varias formacións do ámbito orquestral.

O propio Conservatorio e algunhas entidades privadas (bancos, fundacións, sociedade filarmónica, etc.) programan actividades musicais. A cidade carece de fonoteca pública e de biblioteca musical especializada (a excepción da do propio centro).

A maiores da actividade docente da ensinanza de música, no Centro realízanse diferentes actividades extraescolares e complementarias co obxectivo de completar a formación do alumnado: concertos, conferencias e cursos de especialización, e outros.

A ensinanza que se imparte no Conservatorio Profesional de Música de Vigo é a de música, regulada pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación e polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanzas profesionais de música, sendo na Comunidade Autónoma de Galicia os decretos polos que se regula o grao elemental e profesional o 198/2007, do 27 de setembro, e 203/2007, do 27 de setembro.

1.3 Características do alumnado

O centro conta cunha media de 640 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos discentes do grao elemental pertencen á bisbarra de Vigo, agás algúns que veñen para cursar especialidades que non se imparten noutros conservatorios da provincia.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.



O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa. As outras afeccións do alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vigo son a lectura e os deportes.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1 Grao elemental

O artigo 2º do capítulo I do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, indica que a finalidade deste grao é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Esta finalidade acadaríase coa consecución dos obxectivos ou capacidades ao longo dos catro cursos dos que consta o grao elemental e que o artigo 3º do capítulo I do mesmo Decreto enumera:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento



da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 Grao profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.



4. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia de Percusión

4.1 Grao elemental da materia de Percusión

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación e que a continuación se presentan.

4.1.1 Obxectivos para o grao elemental

- a) Coñecer as características de todos os instrumentos que constitúen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utilizalas, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na colectiva.
- b) Aplicar unha sensibilidade auditiva que valore por igual, en toda a gama de instrumentos, a exixencia da calidade sonora.
- c) Interpretar un repertorio individual e de conxunto de diferentes estilos adecuado ás dificultades deste nivel.

4.1.2 Contidos do grao elemental

- a) Desenvolvemento da habilidade de cada man e do xogo coordinado de ambas.
- b) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa para coñecer, valorar e empregar toda a riqueza e a diversidade tímbrica que posúen os instrumentos que integran a sección.
- c) Desenvolvemento da versatilidade necesaria para tocar simultánea ou sucesivamente distintos instrumentos.
- d) Coñecementos básicos da forma de produción do son en cada instrumento (tipos de baquetas, dedos, mans, etc.).
- e) Principios xerais sobre os cambios de mans.
- f) Aprendizaxe dos modos de ataque.
- g) Estudo dos instrumentos de «pequena percusión», con especial fincapé en todos aqueles que se poidan tocar directamente coa man (bongó, pandeiro, tumbadora, etc.).
- h) Desenvolvemento da práctica de conxunto como medio indispensable para adquirir a percepción simultánea da diversidade tímbrica característica da percusión.



- i) Aprendizaxe dos aspectos técnicos para tocar a caixa, o xilófono e os timbais como instrumentos básicos para o desenvolvemento rítmico, melódico e auditivo (afinación); estudos de dificultade progresiva nestes instrumentos.
- j) Estudo de obras de nivel elemental para conxunto de percusión que reúnan unha gama ampla e variada de instrumentos con intercambio sistemático dos instrumentos que integren o conxunto.
- k) Práctica da improvisación en grupo.
- l) Práctica da lectura á vista para favorecer a flexibilidade de adaptación ás características de escritura para os instrumentos.
- m) Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- n) Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

4.1.3 Criterios de avaliación para o grao elemental

- a) Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- b) Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para se desenvolver con certo grao de autonomía na lectura dun texto (partitura).
- c) Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- d) Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- e) Interpretar pezas, estudos ou obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- f) Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- g) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- h) Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.
- i) Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- j) Este criterio de avaliación pretende verificar se o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- k) Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- l) Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, e o dominio da obra estudada. Así mesmo, pretende estimular



o interese polo estudo e fomentar as capacidades de equilibrio persoal que lle permitan enfrontarse con naturalidade ante un público.

- m) Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
- n) Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

4.2 Grao profesional da materia de Percusión

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, e son os que presentamos a continuación.

4.2.1 Obxectivos do grao profesional

- a) Dominar tecnicamente todos os instrumentos da especialidade, así como a coordinación rítmica e motriz que exige o seu conxunto.
- b) Tocar en grupo sen director ou directora, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.
- c) Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, coordinación entre as dúas mans, dinámica, etc.
- d) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- e) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento
- f) Actuar en público cunha formación de percusión combinada.
- g) Interpretar un repertorio de obras pertencentes a diferentes estilos, e dificultade adecuada a este nivel

4.2.2 Contidos do grao profesional

- a) Desenvolvemento de toda a gama de modos de ataque.
- b) Ritmos compostos e grupos irregulares.
- c) Caixa (redobres, paradiddles, etc.).
- d) Timbais (afinación con cambios, técnica de glissando, etc.).



- e) Batería (independencia e dominio da coordinación, cadencias e breaks, etc.).
- f) Láminas (desenvolvemento da velocidade, acordes con catro baquetas, técnicas Stevens e Across).
- g) Desenvolvemento da capacidade de obter simultaneamente sons de distinta intensidade entre ambas as mans, tratando de alcanzar unha diferenciación dinámica xa se trate da relación melodía-acompañamento ou de presentacións contrapuntísticas de maior complexidade.
- h) Instrumentos accesorios e de efecto (coñecemento básico de ritmos populares en instrumentos latinoamericanos, técnica de todos os instrumentos, obras para percusión combinada).
- i) Práctica da lectura á vista.
- j) Traballo da improvisación.
- k) Traballo de conxunto.
- l) Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.
- m) Estudo da literatura orquestral e sós.
- n) Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos (láminas e timbais). Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- o) Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

4.2.3 Criterios de avaliación para o grao profesional

- 1) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental.

Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

- 2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

- 3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.



- 4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

- 5) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento.

Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

- 6) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

- 7) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.

Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

- 8) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

- 9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

- 10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.



5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da Percusión, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, que irán desde a preparación de obras e estudos hasta un programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte, dando lugar a unha maior concreción desta programación segundo as necesidades que o profesorado detecte en cada caso.

5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de percusión require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentaranse en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.



- **Interdisciplinariade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de percusión teremos en conta as seguintes pautas:



- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular.



Ademáis, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.

- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademáis de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarámola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Desde a materia de Percusión este uso das TIC's encamiñárase principalmente a dous aspectos, para o traballo das pezas e para o disfrute a través da música.

Para o estudo persoal das diferentes pezas aconséllase contar co apoio de diferentes recursos tecnolóxicos, dende diferentes aplicacións ou portais web para a busca de versións do que se está a estudar (YouTube, Spotify, Vimeo...) hasta a propia gravación durante o estudo ou a interpretación das pezas a través de medios audiovisuais e o seu posterior visionado, co fin de analizar a fondo a propia execución.

Do mesmo xeito fomentárase a procura e análise de diferentes versións das pezas



traballadas, así como o interese polo coñecemento de novas pezas de diferentes estilos musicais, busca de información relacionada co que están a estudar e disfrute a través dunha escoita activa, tanto de forma online como presencial en concertos en directo.

Fomentarase tamén o interese na procura de datos históricos non só das obras a traballar senón tamén acerca da evolución e uso dos diferentes instrumentos de percusión ao longo da historia e a lectura de artigos en páxinas web especializadas (Percussive notes, PAS, Vic Firth...).

Por outra banda non debemos esquecer que é parte do noso traballo tamén o aconsellar aos pais e alumnado na compra de instrumentos, baquetas, parches, etc., algo para o que hoxe en día se fai imprescindible internet e a consulta en diferentes páxinas web de tendas especializadas que lles serán recomendadas desde o departamento de percusión, tales como Thomann, Steveweiss, Percussionsource, Tam tam percusión, etc.

8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección II do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistras, audicións e outros.

O alumnado de Percusión terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Percusión, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

8.1 Actos institucionais

No curso académico 2003/2004 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do Departamento de Percusión serían nos seguintes actos:

- Concerto de apertura do Curso Académico: Terá lugar ao inicio do curso.



- Concertos Benéficos: en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.
- Ciclos de concertos, como por exemplo o Ciclo de Primavera onde cada ano se convida a solistas e agrupacións tanto externas como con participación dalgún membro do claustro.
- Acto de graduación: Alumnado que remata os estudos do 4º curso do grao elemental e o 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

8.2 Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez aprobados no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que o Departamento de Percusión teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e será incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

8.3 Audicións

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, cada departamento organizará audicións de alumnos que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso. Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración de calendarios coas propostas de datas para as diferentes audicións que se queiran organizar ao longo do curso. Estas propostas serán estudadas pola Vicedirección para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

O Departamento de Percusión organizará como mínimo tres audicións, que poderán ser tanto de aula como no auditorio do centro, ao longo do curso nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o seu profesor lle asigne, sexa en grupo ou como solista.



8.4 Outros

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, como son os “Premios Honoríficos David Russell”, ou os concertos pedagóxicos para colexios, entre outros, nos que o Departamento de Percusión podería propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.

9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Percusión dos graos elemental e profesional por cursos.

- **Grao elemental**

Nos primeiros cursos do grao elemental realizarase unha introdución aos diferentes aspectos básicos da especialidade de percusión, así como ao desenvolvemento gradual dun certo dominio técnico instrumental e corporal.

Xunto a este desenvolvemento da técnica o alumnado irase encamiñando cara a unha comprensión progresiva do que significa a interpretación musical, algo que se irá presentando sobre a base dunha gran variedade de contidos transversais, traballados nas diferentes materias do currículo que servirán para proporcionar un primeiro acercamento á cultura musical en xeral e á percusión en particular.

O repertorio será amplo e variado, feito que facilita a propia especialidade de percusión coa súa diversidade instrumental tan grande, e será presentado ao longo deste grao elemental de xeito ameno, primando o disfrute e a naturalidade á hora da interpretación para, pouco a pouco, dar paso a un traballo máis profundo dotado de análise e reflexión a partir da ensinanza profesional, aplicando os coñecementos teóricos adquiridos nas outras materias do currículo.

Unha vez rematados os catro anos de formación dos que se compón este grao, o alumnado terá adquirida a suficiente madurez persoal e interpretativa que lle permita afrontar as ensinanzas profesionais con garantías, en caso de que así o decida.

9.1 Curso: 1º de grao elemental

9.1.1 Obxectivos

- a) Coñecer os instrumentos básicos de percusión (caixa, batería, timbais e instrumentos de láminas) e as súas posibilidades sonoras, así como valorar a importancia do seu coidado.

- b) Aprender os diferentes tipos de agarre das baquetas e a forma axeitada de percutir os instrumentos a través de diferentes exercicios técnicos e pezas co fin de obter un son de calidade.
- c) Iniciarse na adquisición de hábitos de estudo axeitados e eficaces que permitan interpretar con corrección o repertorio programado.
- d) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- e) Interpretar en público pezas do repertorio traballado no curso con certo nivel de autocontrol e coidado da posta en escea, tanto de xeito individual como en grupo, valorando sempre a importancia da calidade sonora.
- f) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.

9.1.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Aspectos básicos sobre as características dos instrumentos de percusión e o xeito de xerar son neles (marimba e xilófono, caixa, batería e timbais).



- b) Toma de conciencia sobre a importancia do coidado do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Principios elementais de coordinación de mans a través da realización de exercicios técnicos nos diferentes instrumentos.
- e) Principios básicos para a elección e combinación de mans (baquetacións)
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- h) Técnicas de estudo básicas.
- i) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- j) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- k) Importancia da concentración e da escoita crítica, tanto solo como en conxunto.
- l) Práctica de conxunto e/ou con medios de apoio audiovisuais.
- m) Interpretación en público, solo ou en grupo, dunha selección do repertorio traballado.
- n) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- o) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre e paradiddle
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas (marimba e xilófono)

- a) Os instrumentos de láminas
- b) Escalas, arpexos e exercicios sobre diferentes tonalidades: Do Maior, Fa Maior e Sol Maior.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Timbais

- a) Golpe legato
- b) Zona de produción do son.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Elementos da batería
- b) Exercicios básicos de coordinación
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 9 estudos por trimestre.
- Timbais: 9 estudos por trimestre.
- Láminas: 6 pezas e unha tonalidade por trimestre.
- Batería: 6 estudos por trimestre.

(Considérase para os estudos unha lonxitude media de 4 pentagramas cada un. Se o profesor ou profesora decide traballar pezas de dimensións máis grandes o número total delas por trimestre pode variar, preo en todo caso respetando dita proporción).

9.1.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de



todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.1.3.1 Criterios de avaliación

1. Diferenciar os instrumentos básicos de láminas e parches dentro da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles.
2. Coñecer os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
4. Interpretar con corrección e fluidez, tanto en público como en clase, solo ou en grupo, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a importancia da calidade sonora.
5. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.1.3.2 Mínimos esixibles

1. Interpretar todo o repertorio programado con corrección e sen parar.
2. Controlar os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos.
3. Realizar o movemento de golpeo cunha técnica correcta.

9.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, inter



eses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.1.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados,



xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.

- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresarásen en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.1.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.1.3.3.

9.1.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.



9.1.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.1.3.3.

9.1.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.1.3.3.

9.1.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)

Elementary Snare Drum Studies (Peters)



Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley)
Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley)
Snare Drum Method Book I (Vic Firth)
Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)

- **Timbais**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley)
Primary handbook for Timpani (G. Whaley)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 1

- **Marimba/Xilófono**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)
Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley)
Primary handbook for Mallets (G. Whaley)
15 Estudios para Xilófono (M. Jorand)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 1
Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. I (E. Sejourné)

- **Set-up**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)
Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)
Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp)

- **Batería**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.1 (M. Jansen)
Ejercicios para la Batería Pop (E. Gil)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións.

9.2 Curso: 2º de grao elemental

9.2.1 Obxectivos

- a) Coñecer os instrumentos básicos de percusión (caixa, batería, timbais e instrumentos de láminas) e as súas posibilidades sonoras, así como valorar a importancia do seu coidado.
- b) Asimilar os diferentes tipos de agarre das baquetas e a forma axeitada de percutir os instrumentos a través de diferentes exercicios técnicos e pezas co fin de obter un son de calidade.
- c) Iniciarse na adquisición de hábitos de estudo axeitados e eficaces que permitan interpretar con corrección o repertorio programado.
- d) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- e) Interpretar en público pezas do repertorio traballado no curso con certo nivel de autocontrol e coidado da posta en escea, tanto de xeito individual como en grupo, valorando sempre a importancia da calidade sonora.
- f) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical

9.2.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.
- Interrelación: procurese unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.



Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Aspectos básicos sobre as características dos instrumentos de percusión e o xeito de xerar son neles (marimba e xilófono, caixa, batería e timbais).
- b) Toma de conciencia sobre a importancia do coidado do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Principios elementais de coordinación de mans a través da realización de exercicios técnicos nos diferentes instrumentos.
- e) Principios básicos para a elección e combinación de mans (baquetacións)
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- h) Técnicas de estudo básicas.
- i) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- j) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- k) Importancia da concentración e da escoita crítica, tanto solo como en conxunto.
- l) Práctica de conxunto e/ou con medios de apoio audiovisuais.
- m) Interpretación en público, solo ou en grupo, dunha selección do repertorio traballado.
- n) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- o) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre e paradiddle
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas (marimba e xilófono)

- a) Os instrumentos de láminas.
- b) Escalas, arpejos e exercicios sobre diferentes tonalidades: Re Maior, La Maior e Sib Maior.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Timbais

- a) Golpe legato
- b) Zona de produción do son.
- c) Estudos e pezas propias do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Elementos da batería
- b) Exercicios básicos de coordinación.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitados ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 9 estudos por trimestre.
- Timbais: 9 estudos por trimestre.
- Láminas: 6 pezas e unha tonalidade por trimestre.
- Batería: 6 estudos por trimestre

(Considérase para os estudos unha lonxitude media de 4 pentagramas cada un. Se o profesor ou profesora decide traballar pezas de dimensións máis grandes o número total delas por trimestre pode variar, pero en todo caso respetando dita proporción).

9.2.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.2.3.1 Criterios de avaliación

- Diferenciar os instrumentos básicos de láminas e parches dentro da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles.
- Coñecer os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para para obter un son de calidade.
- Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
- Interpretar con corrección e fluidez, tanto en público como en clase, solo ou en grupo, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a importancia da calidade sonora.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.2.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección e sen parar.
- Controlar os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos.
- Realizar o movemento de golpeo cunha técnica correcta.

9.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos. Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:



| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.2.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.2.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación



do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.2.3.3.

9.2.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.2.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.2.3.3.

9.2.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección,

será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.2.3.3.

9.2.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)
Elementary Snare Drum Studies (Peters)
Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley)
Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley)
Snare Drum Method Book I (Vic Firth)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 1
Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)

- **Timbais**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley)
Primary handbook for Timpani (G. Whaley)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 1

- **Marimba/Xilófono**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)
Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley)
Primary handbook for Mallets (G. Whaley)
15 Estudios para Xilófono (M. Jorand)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 1
Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. I (E. Sejourné)



- **Set-up**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)

Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)

Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp)

- **Batería**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)

Ejercicios para la Batería Pop (E. Gil)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.

9.3 Curso: 3º de grao elemental

9.3.1 Obxectivos

- g) Coñecer os instrumentos básicos de percusión (caixa, batería, timbais, instrumentos de láminas e instrumentos de pequena percusión) e as súas posibilidades sonoras, así como valorar a importancia do seu coidado.
- h) Afianzar os diferentes tipos de agarre das baquetas e a forma axeitada de percutir os instrumentos a través de diferentes exercicios técnicos e pezas co fin de obter un son de calidade.
- i) Desenvolver hábitos de estudo axeitados e eficaces que permitan interpretar con corrección técnica e estilística o repertorio programado.
- j) Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- k) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.



- l) Interpretar en público pezas do repertorio traballado no curso con certo nivel de autocontrol, coidado da posta en escea e adaptación ao contexto, tanto de xeito individual como en grupo, valorando a importancia da calidade sonora.
- m) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.

9.3.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Aspectos básicos sobre as características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son neles
- b) Toma de conciencia sobre a importancia do coidado do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Principios elementais de coordinación de mans a través da realización de exercicios técnicos nos diferentes instrumentos.



- e) Principios básicos para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Iniciación ás técnicas de relaxación, estiramientos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Técnicas de estudo básicas
- j) Lectura a primeira vista, solo ou en grupo, de pezas sinxelas.
- k) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida basada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- l) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- m) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- n) Importancia da concentración e da escoita crítica, tanto solo como en conxunto.
- o) Práctica de conxunto e/ou con medios de apoio audiovisuais.
- p) Interpretación en público, solo ou en grupo, dunha selección do repertorio traballado.
- q) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- r) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples e acentos.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel

Láminas

- a) Os instrumentos de láminas
- b) Escalas, arpejos e exercicios sobre diferentes tonalidades: Mib Maior, Lab Maior e Mi Maior.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Timbais

- a) Golpe legato e exercicios de velocidade.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre dous timbais.



- c) Iniciación ao apagado
- d) Afinación de cuartas e quintas.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Elementos da batería
- b) Exercicios básicos de coordinación
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel

Instrumentos de pequena percusión e percusión latina

- a) Os instrumentos de pequena percusión e percusión latina: triángulo, pandereta, congas e bongós.
- b) Producción do son coas mans: pandereta e congas
- c) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 9 estudos por trimestre.
- Timbais: 9 estudos por trimestre.
- Láminas: 6 pezas e unha tonalidade por trimestre.
- Batería: 6 estudos por trimestre

(Considérase para os estudos unha lonxitude media de 4 pentagramas cada un. Se o profesor ou profesora decide traballar pezas de dimensións máis grandes o número total delas por trimestre pode variar, preo en todo caso respetando dita proporción).

9.3.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de



detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xeais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.3.3.1 Criterios de avaliación

- Diferenciar os instrumentos básicos de láminas e parches dentro da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles.
- Coñecer os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para para obter un son de calidade.
- Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
- Interpretar con corrección e fluidez, tanto en público como en clase, solo ou en grupo, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a importancia da calidade sonora.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.3.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección e sen parar.

- Controlar os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos.
- Realizar o movemento de golpeo cunha técnica correcta.

9.3.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregáranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos. Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:



| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.3.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.3.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación



do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.3.3.3.

9.3.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.3.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.3.3.3.

9.3.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección,



será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.3.3.3.

9.3.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.3 (M. Jansen)
Elementary Snare Drum Studies (Peters)
Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley)
Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley)
Snare Drum Method Book I (Vic Firth)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 1
Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)

- **Timbais**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.3 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley)
Primary handbook for Timpani (G. Whaley)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 1

- **Marimba/Xilófono**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.3 (M. Jansen)
Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley)
Primary handbook for Mallets (G. Whaley)
15 Estudios para Xilófono (M. Jorand)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 1
Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. I (E. Sejourné)

- **Set-up**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.3 (M. Jansen)



Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp)

- **Batería**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.3 (M. Jansen)

Ejercicios para la Batería Pop (E. Gil)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.

9.4 Curso: 4º de grao elemental

9.4.1 Obxectivos

- a) Coñecer os instrumentos da familia de percusión (instrumentos de parches, instrumentos de láminas e instrumentos de pequena percusión) e as súas posibilidades sonoras, así como valorar a importancia do seu coidado.
- b) Coñecer e empregar os diferentes tipos de agarre das baquetas así como a forma axeitada de percutir cada instrumento da familia de percusión a través de diferentes exercicios técnicos e pezas buscando sempre obter un son de calidade.
- c) Dispor de hábitos de estudo axeitados e eficaces que permitan interpretar con corrección técnica e estilística o repertorio programado, empregando os diferentes medios de apoio que estean ao seu alcance.
- d) Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.



- e) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- f) Interpretar en público pezas do repertorio traballado no curso demostrando autocontrol, coidado da posta en escea e adaptación ao contexto, tanto de xeito individual como en grupo, valorando a importancia da calidade sonora.
- g) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.

9.4.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

Interrelación: procureuse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Aspectos básicos sobre as características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son neles
- b) Toma de conciencia sobre a importancia do coidado do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.



- d) Principios elementais de coordinación de mans a través da realización de exercicios técnicos nos diferentes instrumentos.
- e) Principios básicos para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Iniciación ás técnicas de relaxación, estiramientos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Técnicas de estudo básicas
- j) Lectura a primeira vista, solo ou en grupo, de pezas sinxelas.
- k) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- l) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- m) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- n) Importancia da concentración e da escoita crítica, tanto solo como en conxunto.
- o) Práctica de conxunto e/ou con medios de apoio audiovisuais.
- p) Interpretación en público, solo ou en grupo, dunha selección do repertorio traballado.
- q) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- r) Iniciación ao coñecemento do patrimonio musical galego e aos seus diferentes xéneros musicais.
- s) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- t) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples e acentos.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Iniciación ao redoble orquestral.
- d) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas

- a) Os instrumentos de láminas.
- b) Escalas, arpejos e exercicios sobre diferentes tonalidades: Hasta cinco



alteracións.

- c) Iniciación ao agarre de catro baquetas Burton (“across”).
- d) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Timbais

- a) Golpe legato, exercicios de velocidade.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre dous timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Afinación de cuartas e quintas.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Elementos da batería
- b) Exercicios básicos de coordinación
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel

Instrumentos de pequena percusión e percusión latina

- a) Os instrumentos de pequena percusión e percusión latina: triángulo, pandereta, congas e bongós.
- b) Producción do son coas mans: pandereta e congas
- c) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección e colocación dos diferentes elementos.
- b) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 9 estudos por trimestre.
- Timbais: 9 estudos por trimestre.
- Láminas: 6 pezas e unha tonalidade por trimestre.
- Batería: 6 estudos por trimestre

(Considérase para os estudos unha lonxitude media de 4 pentagramas cada un. Se o profesor ou profesora decide traballar pezas de dimensións máis grandes o número total delas por trimestre pode variar, preo en todo caso respetando dita proporción).

9.4.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.4.3.1 Criterios de avaliación

- Diferenciar os instrumentos básicos de láminas e parches dentro da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles.



- Coñecer os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
- Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
- Interpretar con corrección e fluidez, tanto en público como en clase, solo ou en grupo, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a importancia da calidade sonora.
- Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.4.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección e sen parar.
- Controlar os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos.
- Realizar o movemento de golpeo cunha técnica correcta.

9.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en



vídeo dos concertos. Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.4.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresarásen en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.4.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos,



ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.4.3.3.

9.4.4.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.4.3.3.

9.4.5 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**



Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.4 (M. Jansen)
Elementary Snare Drum Studies (Peters)
Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley)
Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley)
Snare Drum Method Book I (Vic Firth)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 2
Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)

- **Timbais**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.4 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley)
Primary handbook for Timpani (G. Whaley)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 2

- **Marimba/Xilófono**

Métodos/Estudos

Metodo de Percusión Vol.4 (M. Jansen)
Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley)
Primary handbook for Mallets (G. Whaley)
15 Estudios para Xilófono (M. Jorand)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 2
Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. I (E. Sejourné)

- **Set-up**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.4 (M. Jansen)
Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)
Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp)

- **Batería**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.2 (M. Jansen)
Ejercicios para la Batería Pop (E. Gil)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.



Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.



• Grao Profesional

A tarefa dun futuro intérprete consiste primeiramente en aprender a ler correctamente a partitura para penetrar, a través da lectura, no sentido do escrito e poder apreciar o seu valor estético para que a execución posterior dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito convincente a emoción de orde estética que esperta no espírito do intérprete.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades que lle brinda o instrumento. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento é ao que chamamos técnica.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademais, absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. De todas as maneiras, terase moi en conta que o traballo técnico, representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento, debe estar sempre unido na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle, para evitar dese xeito o perigo de que as interpretacións queden reducidas a unha mera exercitación ximnástica.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas e para unha comprensión plena da música como unha linguaxe, como medio de comunicación.

Todo iso lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete que vai a ter lugar ao longo deste grao profesional.

É por todo isto que a finalidade das ensinanzas profesionais de música consiste en proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e consta de catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

O ensino da música no grao profesional, e da percusión en particular, organízase en seis cursos que a continuación procederemos a describir.



9.5 Curso: 1º de grao profesional

9.5.1 Obxectivos

- a) Adquirir os coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.
- b) Desenvolver e adquirir a técnica específica de cada instrumento, a través de diferentes exercicios e estudos, de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- d) Desenvolver hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- e) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- f) Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- g) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade
- h) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.

9.5.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.



- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.
- Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- e) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- f) Técnicas de relaxación, estiramentos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- g) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- h) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
- i) Lectura a primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.
- j) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- k) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- l) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- m) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.



- n) Interpretación en público como solista dunha selección do repertorio traballado.
- o) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- p) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- q) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- r) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas.
- b) Marimba: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Afianzamento do agarre de catro baquetas Burton ("across").
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato, exercicios de velocidade para o desenvolvemento do redoble.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre tres timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Afinación de cuartas e quintas. Cambios de afinación.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel



Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos
- b) Percusión latina: congas, bongós, gúiro e shakeres
- c) Percusión tradicional galega: pandeiro e pandereta.
- d) Producción do son coas mans
- e) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
- b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
- c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 2 estudos orquestrais e 1 estudo rudimental por trimestre.
- Timbais: 2 estudos por trimestre.
- Marimba: 1 peza a dúas ou catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 2 pezas a dúas ou catro baquetas por curso.
- Multipercusión: 1 peza/estudo por curso.

9.5.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.



Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.5.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.
2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e



coidado da posta en escea.

8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.5.3.2 Mínimos esixibles

1. Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao tempo indicado.
2. Recoñecer os diferentes instrumentos de percusión e as baquetas máis axeitadas para cada un deles.
3. Coñecer os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos para obter un son de calidade.
4. Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
5. Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.

9.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.



En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dicitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.5.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.



9.5.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.5.3.3.

9.5.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.5.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.5.3.3.

9.5.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.5.3.3.

9.5.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos

Método de Percusión Vol.5 (M. Jansen)
Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley)
Rudimental Primer for the Snare Drummer (Peters)
Snare Drum Rudiments (B. Rich)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for the Snare Drum (Peters)
Snare Drum Method Vol II (Vic Firth)
Intermediate Contest Solos (K. Reichelt)
150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon)
28 Miniaturas (M. Jorand)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 3-4



- **Timbais**

Métodos

Metodo de Percusión Vol.5 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5
Alpine Slide (J. Beck)
Tune Up (S. Feldstein)
Grand Teton (J. Beck)

- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Metodo de Percusión Vol.5 (M. Jansen)
Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)

Estudos/Obras

Cramer Xylo (M. Jorand)
Funny Xylophone (N.J. Zivkovic)
Funny Marimba (N.J. Zivkovic)
Chant for Marimba (M. Peters)
Three Pieces for Three Mallets (M. Peters)
Malletrix (J. Spears)
Play Seven (W. Stadler)
Teardrops (M. Peters)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 5
Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)

- **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)
Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)
Vibraphone Technique (D. Friedman)
Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1
19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)

- **Multipercusión**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.5 (M. Jansen)
Studies in Solo Percussion (M. Goldenberg)



Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)

Rondo (M. Peters)

2-4-1 (W. Kraft)

- **Batería**

Estudos/Obras

Método de Percusión Vol.5 (M. Jansen)

Ejercicios para la Batería Pop (E. Gil)

Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)

Ultimate Play-Along (D. Weckl)

- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)

Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)

The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)

The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)

Frame Drumming (P. Fagiola)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.



9.6 Curso: 2º de grao profesional

9.6.1 Obxectivos

- a) Adquirir os coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.
- b) Desenvolver e adquirir a técnica específica de cada instrumento, a través de diferentes exercicios e estudos, de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- d) Desenvolver hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- e) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- f) Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- g) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- h) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical

9.6.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.



Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- e) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- f) Técnicas de relaxación, estiramentos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- g) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- h) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
- i) Lectura a primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.
- j) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- k) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- l) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- m) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.
- n) Interpretación en público como solista dunha selección do repertorio traballado.
- o) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- p) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- q) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.



- r) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas.
- b) Marimba: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Afianzamento do agarre de catro baquetas Burton (“across”).
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato e stacatto, exercicios de velocidade para o desenvolvemento do redobre.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre tres timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Afinación de cuartas, quintas e oitavas. Cambios de afinación.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel

Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos
- b) Percusión latina: congas, bongós, gúiro e shakeres
- c) Percusión tradicional galega: pandeiro e pandereta.

- d) Producción do son coas mans
- e) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
- b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
- c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 2 estudos orquestrais e 1 estudo rudimental por trimestre.
- Timbais: 2 estudos por trimestre.
- Marimba: 1 peza a dúas ou catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 2 pezas a dúas ou catro baquetas por curso.
- Multipercusión: 1 peza/estudo por curso.

9.6.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e



familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.6.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.
2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e coidado da posta en escea.
8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros

9.6.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao tempo indicado.
- Recoñecer os diferentes instrumentos de percusión e as baquetas máis axeitadas para cada un deles.
- Coñecer os diferentes agarres e as zonas de golpeo dos instrumentos para obter un son de calidade.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.
- Actuar en público con autocontrol e coidado da posta en escea.

9.6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á



hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.6.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.6.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios

obxectivos e á súa adecuada madurez e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.6.3.3.

9.6.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.6.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.6.3.3.

9.6.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por



completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.6.3.3.

9.6.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos

Metodo de Percusión Vol.6 (M. Jansen)
Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley)
Rudimental Primer for the Snare Drummer (Peters)
Snare Drum Rudiments (B. Rich)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for the Snare Drum (Peters)
150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon)
Massages from Outer Space (J. Sponsel)
Intermediate Contest Solos (K. Reichelt)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 4-5

- **Timbais**

Métodos

Metodo de Percusión Vol.6 (M. Jansen)
Fundamental Method for Timpani (Peters)
Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

Alpine Slide (J. Beck)
Snake River (J. Beck)
Scherzo (Peters)



Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5-6

- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Metodo de Percusión Vol.6 (M. Jansen)
Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)

Estudos/Obras

Funny Xylophone (N.J. Zivkovic)
Funny Marimba (N.J. Zivkovic)
Cramer Xylo (M. Jorand)
Play Seven (W. Stadler)
Teardrops (M. Peters)
Waves for Marimba (M. Peters)
Three Pieces for Three Mallets (M. Peters)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 5-6
Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)
Reflex (W. Stadler)

- **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)
Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)
Vibraphone Technique (D. Friedman)
Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1
19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)

- **Multipercusión**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.6 (M. Jansen)
Studies in Solo Percussion (M. Goldemberg)
Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero)
Rondo (M. Peters)
Perpetual Motion (M. Peters)
Morris Dance (W. Kraft)
Introduction and Waltz (M. Peters)
2-4-1 (W. Kraft)

- **Batería**

Estudos/Obras

Metodo de Percusión Vol.6 (M. Jansen)
Contemporary Drumset Techniques (R. Lathan)
Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)
Ultimate Play-Along (D.Weckl)

- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)
Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)
The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)
The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)
Frame Drumming (P. Fagiola)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.

9.7 Curso: 3º de grao profesional

9.7.1 Obxectivos

- a) Adquirir os coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.
- b) Afianzar a técnica específica de cada instrumento, a través de diferentes exercicios e estudos, de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Acadar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no



resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.

- d) Consolidar hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- e) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- f) Ser quen de ler a primeira vista con corrección pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- g) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- h) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical

9.7.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:



Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Terminoloxía dos instrumentos de percusión noutros idiomas.
- e) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Técnicas de relaxación, estiramientos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
- j) Lectura a primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.
- k) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- l) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- m) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- n) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.
- o) Interpretación en público como solista dunha selección do repertorio traballado.
- p) Técnicas de autocontrol no escenario.
- q) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- r) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- s) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- t) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación e velocidade.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.



Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpexos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas.
- b) Marimba: Escalas, arpexos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpexos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Afianzamento do agarre de catro baquetas Burton (“across”).
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato e stacatto, exercicios de velocidade para o desenvolvemento do redobre.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre tres timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Cambios de afinación. Afinación precisa.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel

Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos
- b) Percusión latina: pailas, congas, bongós, gúiro e shakeres
- c) Percusión tradicional galega: pandeiro, pandereta e tamboril.
- d) Producción do son coas mans.
- e) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
- b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
- c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.



Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 2 estudos orquestrais e 1 estudo rudimental por trimestre.
- Timbais: 2 estudos ou 1 peza por trimestre.
- Marimba: 1 estudo/peza a catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 2 estudos/pezas a catro baquetas por curso.
- Multipercusión: 1 estudo/peza por curso.

9.7.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e



suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.7.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.
2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e coidado da posta en escea.
8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.

9.7.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao tempo indicado.
- Recoñecer os diferentes instrumentos de percusión e as baquetas máis axeitadas para cada un deles.
- Dominar os diferentes tipos de golpe da técnica de Burton de catro baquetas.



- Coidar en todo momento de obter un son de calidade.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.
- Actuar en público con autocontrol e coidado da posta en escea.

9.7.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:



| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.7.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.7.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación



do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.7.3.3.

9.7.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.7.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.7.3.3.

9.7.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non

titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.7.3.3.

9.7.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos

Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley)
Rudimental Primer for the Snare Drummer (Peters)
Snare Drum Rudiments (B. Rich)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for the Snare Drum (Peters)
150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon)
Five Snare Drum Solos (K. Reichelt)
Flam-Able (Michael Roy)
Massages from Outer Space (J. Sponsel)
Three Dances (Benson)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 6-7

- **Timbais**

Métodos

Fundamental Method for Timpani (Peters)
Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

Snake River (J. Beck)
Scherzo (Peters)
Alpine Slide (J. Beck)
Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 6-7



- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)

Estudos/Obras

Rain Dance (A. Gomez)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 6-7
Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)
Furioso and Valse (E. Hatch)
Waves for Marimba (M. Peters)
Yellow After the Rain (M. Peters)
Equidistant Mallets (W. Stadler)
Generalife (E. Sejourné)
Marimba flamenca (A. Gómez)

- **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)
Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)
Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)
Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1
19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)
Bee (E. Sejourné)

- **Multipercusión**

Estudos/Obras

Studies in Solo Percussion (M. Goldemberg)
Rondo (M. Peters)
Perpetual Motion (M. Peters)
Morris Dance (W. Kraft)
Introduction and Waltz (M. Peters)
French Suite (W. Kraft)

- **Batería**

Estudos/Obras

Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)
Time Functioning Patterns (G. Chaffee)
Ultimate Play-Along (D. Weckl)
Advanced Techniques for the Drumset (J. Chapin)



- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)

Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)

The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)

The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)

Frame Drumming (P. Fagiola)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.

9.8 Curso: 4º de grao profesional

9.8.1 Obxectivos

- a) Dispoñer dos coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.
- b) Afianzar a técnica específica de cada instrumento, a través de diferentes exercicios e estudos, de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Realizar unha interpretación artística de calidade das pezas programadas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.



- d) Consolidar hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- e) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- f) Ser quen de ler a primeira vista con corrección, fluidez e comprensión pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- g) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- h) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.
- i) Ser quen de percibir e describir logo dunha audición de diferentes obras os seus elementos característicos.

9.8.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

Presentación lóxica.

Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.

Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.

Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:



Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Terminoloxía dos instrumentos de percusión noutros idiomas.
- e) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Técnicas de relaxación, estiramientos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
- j) Lectura a primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.
- k) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- l) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- m) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- n) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.
- o) Interpretación en público como solista dunha selección do repertorio traballado.
- p) Técnicas de autocontrol no escenario.
- q) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- r) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- s) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- t) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.
- u) Contidos interdisciplinares relacionados coa Historia da Música para a contextualización das pezas traballadas: autores, estilo, contexto histórico, etc.

Caixa



- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral, rudimentos da PAS.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación, velocidade e musicalidade na caixa.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas.
- b) Marimba: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Afianzamento do agarre de catro baquetas Burton (“across”).
- e) Técnica Stevens aplicada á marimba.
- f) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato e staccato, redobres.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre catro timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Cambios de afinación. Afinación precisa.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel

Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos
- b) Percusión latina: pailas, congas, bongós, güiro e shakeres. Ritmos característicos cubanos.
- c) Percusión tradicional galega: pandeiro, pandereta e tamboril. Xéneros da música tradicional.
- d) Producción do son coas mans.



- e) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 2 estudos orquestrais e 1 estudo rudimental por trimestre.
- Timbais: 2 estudos ou 1 peza por trimestre.
- Marimba: 1 estudo/peza a catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 2 estudos/pezas a catro baquetas por curso.
- Multipercusión: 1 estudo/peza por curso.

9.8.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e



familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.8.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.
2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e coidado da posta en escea.
8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.



11. Recoñecer a partir da escoita rasgos característicos de obras relativos tanto ao seu estilo como aos recursos interpretativos empregados nelas.

9.8.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao 85% do tempo indicado.
- Recoñecer os diferentes instrumentos de percusión e as baquetas máis axeitadas para cada un deles.
- Dominar os diferentes tipos de golpe da técnica de Burton de catro baquetas.
- Coidar en todo momento de obter un son de calidade e mostrar unha actitude crítica ante a propia interpretación e a dos demais.
- Desenvolver hábitos correctos e eficaces para o estudo das partituras.
- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.
- Actuar en público con autocontrol e coidado da posta en escea.

9.8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.



En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos. Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.8.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.8.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.8.3.3.

9.8.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.8.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.8.3.3.



9.8.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.8.3.3.

9.8.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos

Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley)
Snare Drum Rudiments (B. Rich)

Estudos/Obras

Intermediate studies for the Snare Drum (M. Peters)
150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon)
Three Dances (Benson)
Five Snare Drum Solos (K. Reichelt)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 6-7

- **Timbais**

Métodos

Fundamental Method for Timpani (Peters)
Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

The Storm (Peters)



Rondino (Peters)
Flaming Forge (M. Roy)
Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 6-7
Symphonic Studies for Timpani (N. Woud)

- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)
Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)

Estudos/Obras

Marimba Flamenca (A. Gomez)
Yellow After the Rain (M. Peters)
Rain Dance (A. Gomez)
Generalife (E. Sejourné)
Furioso and Valse (E. Hatch)
Equidistant Mallets (W. Stadler)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 6-7
Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)
Nancy (E. Sejourné)
Etude in Mi menor (N. Rosauero)

- **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)
Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)
Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)
Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 y 2
19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)
Bee (E. Sejourné)
Mirror From Another (D. Friedman)
Blue Camp (B. Molenhof)

- **Multipercusión**

Estudos/Obras

Studies in Solo Percussion (M. Goldemberg)
Rondo (M. Peters)
Perpetual Motion (M. Peters)
Morris Dance (W. Kraft)
Introduction and Waltz (M. Peters)



French Suite (W. Kraft)
Variaciones para cuatro toms (N. Rosauero)

- **Batería**

Estudos/Obras

Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)
Time Functioning Patterns (G. Chaffee)
Ultimate Play-Along (D. Weckl)
Advanced Techniques for the Drumset (J. Chapin)

- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)
Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)
The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)
The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)
Frame Drumming (P. Fagiola)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.

9.9 Curso: 5º de grao profesional

9.9.1 Obxectivos

- a) Dispoñer dos coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.



- b) Dominar a técnica específica de cada instrumento de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Realizar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- d) Interpretar pezas de diferentes estilos e linguaxes profundizando nos recursos interpretativos de cada unha delas, valorando a propia execución con vistas a extraer conclusións que melloren a súa calidade.
- e) Dispoñer de hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- f) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- g) Ser quen de ler a primeira vista con corrección, fluidez e comprensión pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- h) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- i) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.
- j) Ser quen de percibir e describir logo dunha audición de diferentes obras os seus elementos característicos.

9.9.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.

Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira



que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.

- Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Terminoloxía dos instrumentos de percusión noutros idiomas.
- e) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Técnicas de relaxación, estiramentos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Iniciación ao estudo das grafías e linguaxe do repertorio contemporáneo de percusión.
- j) Repertorio con pianista acompañante.
- k) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
- l) Lectura a primeira vista de pezas axeitadas ao nivel.
- m) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida baseada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- n) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- o) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.



- p) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.
- q) Interpretación en público como solista dunha selección do repertorio traballado.
- r) Técnicas de autocontrol no escenario.
- s) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- t) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- u) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- v) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.
- w) Contidos interdisciplinares relacionados coa Historia da Música, Análise e Harmonía para a contextualización das pezas traballadas: autores, estilo, contexto histórico, forma, harmonía, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral, rudimentos da PAS.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación, velocidade e musicalidade na caixa.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.
- d) Fragmentos orquestrais.

Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpexos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas. Fragmentos orquestrais.
- b) Marimba: Escalas, arpexos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpexos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Agarre de catro baquetas Burton (“across”) aplicado ao vibráfono.
- e) Técnica Stevens aplicada á marimba.
- f) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato e staccatto. Redobres.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre catro timbais.



- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Cambios de afinación. Afinación precisa.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.
- f) Fragmentos orquestrais.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel

Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos.
- b) Fragmentos orquestrais.
- c) Percusión latina: pailas, congas, bongós, güiro e shakeres. Ritmos característicos cubanos.
- d) Percusión tradicional galega: pandeiro, pandereta e tamboril. Xéneros da música tradicional.
- e) Producción do son coas mans.
- f) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
- b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
- c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.



Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 1 peza/obra e 1 peza/obra rudimental por trimestre.
- Timbais: 1 peza/obra por trimestre.
- Marimba: 1 peza/obra a catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 1 peza/obra a catro baquetas por trimestre.
- Multipercusión: 1 obra con varios movementos por curso.

9.9.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.

9.9.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a



usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.

2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora e mostrando unha actitude crítica sobre a propia execución.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e coidado da posta en escea.
8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.
11. Recoñecer a partir da escoita rasgos característicos de obras relativos tanto ao seu estilo como aos recursos interpretativos empregados nelas.

9.9.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao 85% do tempo indicado.
- Facer unha axeitada elección de baquetas e dixitacions.
- Dominar os diferentes tipos de golpe da técnica de Stevens de catro baquetas.
- Afinar os timbais con corrección.
- Facer redobres orquestrais na caixa con corrección técnica e cubrindo todo o espectro dinámico.
- Coidar en todo momento de obter un son de calidade e mostrar unha actitude crítica ante a propia interpretación e a dos demais.
- Dispoñer de hábitos correctos e eficaces para o estudo e traballo autónomo sobre as partituras.



- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.
- Memorizar as partituras de forma axeitada.
- Actuar en público con autocontrol e coidado da posta en escea.

9.9.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:



| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.9.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.9.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que logo da orientación do profesorado así o solicite, conforme a criterios obxectivos e á súa adecuada madureza e capacidade de aprendizaxe para o curso ao que aspire a acceder.

O departamento de percusión do CMUS Profesional de Vigo establece que é requisito indispensable para solicitar a ampliación de matrícula que o alumno ou alumna realice e supere unha proba instrumental que lle permita demostrar a consecución de todos os obxectivos reflexados na programación



do curso que quere superar.

Devandita proba poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non voto aquel profesor ou profesora que non sexa o titor ou titora, e o alumno ou alumna interpretará unha serie de pezas escollidas polo profesor titor das programadas para dito curso, entre as que figurará como mínimo unha de cada instrumento.

Os criterios de avaliación que se aplicarán serán os propios do curso que quere superar e os criterios de cualificación virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas ou obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.9.3.3.

9.9.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.

9.9.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.9.3.3.

9.9.5.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non



titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.9.3.3.

9.9.6 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

- **Caixa**

Métodos

Snare Drum Rudiments (B. Rich)
Master Studies (J. Morello)
Accents and Rebounds (G.L.Stone)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for the Snare Drum (M. Peters)
Advanced Studies for the Snare Drum (M. Peters)
14 Contest Solos for Snare Drum (J. Pratt)
Douce Etudes (J. Delecluse)
Caixa D'orquestra (M. Ramada)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 7-8

- **Timbais**

Métodos

Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Symphonic Studies for the Timpani (N. Wood)
Sonata for Timpani (J. Beck)
Seven Solo Dances (G. Frock)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 7-8

- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)



Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)

Estudos/Obras

Etude Op. 6 No. 9 (C.O. Musser)

Frogs (K. Abe)

Ghanaia (M. Schmitt)

Choro Bachiano (N. Rosauro)

Etude 1 for Marimba (P. Smadbeck)

Etude in C Major Op. 6 No. 10 (C.O. Musser)

Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 7-8

Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)

Nancy (E. Sejournee)

Restless (O'Meara)

Xylophone Rags (G.H. Green)

Etude in AbMajor (C.O. Musser)

• **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)

Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic)

Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)

Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1

19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)

Mirror From Another (D. Friedman)

Blue Camp (B. Molenhof)

Blues for Gilbert (M. Glentworth)

Trilogy for Vibraphone (T. Huesgen)

• **Multipercusión**

Estudos/Obras

Perpetual Motion (M. Peters)

French Suite (W. Kraft)

English Suite (W. Kraft)

Dualités (A. Miyamoto)

Inspirations Diabolique (R. Tagawa)

Kaling (G. Siracusa)

Side by Side (M. Kitazume)

The Love of L'Histoire (J. Delancey)

Top-Tanz (E. Kopetzki)



- **Batería**

Estudos/Obras

Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)
Time Functioning Patterns (G. Chaffee)
The Art of Bop Drumming (J. Riley)

- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)
Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)
The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)
The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)
Frame Drumming (P. Fagiola)

- **Repertorio orquestral**

Métodos

Orchester Probespiel (Gschwendtner/Ulrich)
Orchestral Repertoire for Xylophone Vol.1 e 2 (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for the Snare Drum (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for tambourine, triangle and castagnets (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for the Glockenspiel Vol. 1 e 2 (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for bass drum and cymbals (R. Carroll)
Classical Symphonies for Timpani (M. Goldenberg)
Classic Overtures for Timpani (M. Goldenberg)
The Timpani Player's Orchestral Repertoire Vol. 1 a 5 (F. Hinger)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.



9.10 Curso: 6º de grao profesional

9.10.1 Obxectivos

- a) Dispoñer dos coñecementos necesarios de cada instrumento que permitan o seu manexo de forma axeitada, a súa conservación en bo estado e, de ser preciso, a substitución de elementos reemplazables.
- b) Dominar a técnica específica de cada instrumento de xeito que lle posibilite a interpretación correcta do repertorio programado para o seu nivel.
- c) Realizar unha interpretación artística de calidade a través da aplicación dos coñecementos adquiridos, tanto nas clases coma no resto de materias que compoñen o currículo ou a través de procuras noutros medios.
- d) Interpretar pezas de diferentes estilos e linguaxes profundizando nos recursos interpretativos de cada unha delas, valorando a propia execución con vistas a extraer conclusións que melloren a súa calidade.
- e) Dispoñer de hábitos correctos e eficaces de estudo e autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa montaxe das obras.
- f) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria, capacidade comunicativa e coidado da posta en escea á hora de interpretar o traballado en clase.
- g) Ser quen de ler a primeira vista con corrección, fluidez e comprensión pezas ou fragmentos de pezas dun nivel axeitado ao curso en diferentes instrumentos de percusión.
- h) Memorizar pezas do repertorio programado para o curso e traballar en xerar hábitos para o desenvolvemento desta capacidade.
- i) Respetar e valorar as opinións do profesorado e compañeiros como medio para enriquecer a propia práctica musical.
- j) Ser quen de percibir e describir logo dunha audición de diferentes obras os seus elementos característicos.

9.10.2 Contidos

O punto de partida no tratamento dos contidos desta programación parte da globalización, de xeito que estes aparezan continuamente entrelazados.

Debido á natureza da ensinanza para a que está elaborada esta programación, os contidos serán maiormente de tipo procedimental e actitudinal, e diferenciaranse polo seu nivel de dificultade, progresivo en cada curso académico.



Estes contidos foron seleccionados de entre os incluídos no decreto atendendo aos seguintes principios e criterios:

- Presentación lóxica.
- Posibilidade de relación cos coñecementos previos dos alumnos/as.
- Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos/as.
- Continuidade e progresión: a ensinanza dos contidos fundamentais desta materia debe ter continuidade ó longo dos diferentes cursos, de maneira que os alumnos poidan relacionar e progresar adecuadamente, reemprendendo cada proceso novo alí onde quedou anteriormente.
- Interrelación: procurouse unha forte interrelación entre os diferentes contidos presentados, de maneira que se favorecera a aprendizaxe significativa.

Por tanto, os contidos esenciais dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe estarán presentes desde o inicio dos estudos, realizándose o desenvolvemento deste proceso non tanto pola adquisición de novos elementos, senón pola profundización permanente que se faga neles. Deste xeito, o grao de dificultade interpretativa virá determinando polas obras e estudos que en cada curso o profesor ou profesora de percusión seleccionen.

Os contidos para este curso serán os seguintes:

Contidos xerais

- a) Características dos instrumentos da familia de percusión e o xeito de xerar son de calidade neles.
- b) Coidado e mantemento do material de percusión.
- c) Os distintos tipos de baquetas e agarres.
- d) Terminoloxía dos instrumentos de percusión noutros idiomas.
- e) Principios e normas para a elección e combinación das mans (baquetacións).
- f) Posición corporal diante do instrumento e desprazamentos.
- g) Técnicas de relaxación, estiramientos e control postural, así como toma de conciencia da súa importancia.
- h) Estudo e interpretación dun programa de obras axeitado ao nivel para o desenvolvemento técnico e interpretativo do alumnado.
- i) Iniciación ao estudo das grafías e linguaxe do repertorio contemporáneo de percusión.
- j) Repertorio con pianista acompañante.
- k) Técnicas de estudo acordes ao instrumento.
 - l) Lectura a primeira vista de pezas de dificultade acordes ao nivel.



- m) Práctica de improvisación libre con diferentes instrumentos experimentando con tímbrica, dinámica, tempo, etc. e/ou dirixida basada en esquemas rítmicos ou patróns sinxelos.
- n) Uso eficaz do metrónomo durante o estudo.
- o) Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- p) Importancia da concentración e da escoita crítica como intérprete e como ouvinte.
- q) Interpretación en público como solista de todo o repertorio traballado a modo de Recital Fin de Grao.
- r) Técnicas de autocontrol no escenario.
- s) Respeto e tolerancia hacia o profesorado, compañeiros e á propia creación artística.
- t) Xéneros musicais galegos e instrumentos de percusión tradicionais.
- u) Audicións musicais comparadas usando diferentes medios audiovisuais.
- v) Contidos interdisciplinares relacionados coa Linguaxe Musical: figuras, tempo, claves, lectura rítmica, entonación, tonalidade, etc.
- w) Contidos interdisciplinares relacionados coa Historia da Música, Análise e Harmonía para a contextualización das pezas traballadas: autores, estilo, contexto histórico, forma, harmonía, etc.

Caixa

- a) Tipos de golpe: simple, dobre, paradiddle, mordentes simples, acentos, redobre orquestral, rudimentos da PAS.
- b) Exercicios técnicos para o desenvolvemento da coordinación, velocidade e musicalidade na caixa.
- c) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.
- d) Fragmentos orquestrais.

Láminas (xilófono, marimba e vibráfono)

- a) Xilófono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas baquetas. Fragmentos orquestrais.
- b) Marimba: Escalas, arpejos e exercicios técnicos sobre todas as tonalidades con dúas e catro baquetas.
- c) Vibráfono: Escalas, arpejos e exercicios técnicos en todas as tonalidades con dúas e catro baquetas. Técnica de apagado.
- d) Agarre de catro baquetas Burton (“across”) aplicado ao vibráfono.
- e) Técnica Stevens aplicada á marimba.
- f) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel con dúas e catro



baquetas.

Timbais

- a) Golpe legato e staccato. Redobres.
- b) Exercicios técnicos de desprazamentos sobre catro timbais.
- c) Exercicios técnicos de apagado.
- d) Cambios de afinación. Afinación precisa.
- e) Estudos e pezas do instrumento axeitados ao nivel.
- f) Fragmentos orquestrais.

Batería

- a) Exercicios de coordinación
- b) Estudos e pezas (playbacks) axeitados ao nivel

Instrumentos orquestrais, de pequena percusión, percusión latina e percusión tradicional galega.

- a) Os instrumentos orquestrais e de pequena percusión: triángulo, pandereta, bombo e pratos.
- b) Fragmentos orquestrais.
- c) Percusión latina: pailas, congas, bongós, güiro, shakeres, etc. Ritmos característicos cubanos e brasileiros.
- d) Percusión tradicional galega: pandeiro, pandereta e tamboril. Xéneros da música tradicional.
- e) Producción do son coas mans.
- f) Exercicios técnicos sinxelos de coordinación.

Multi Percusión

- a) Selección dos diferentes elementos.
- b) Toma de conciencia da importancia dunha colocación axeitada dos diferentes elementos.
- c) Estudos e pezas axeitados ao nivel.

Para levar a cabo a adquisición destes contidos o alumnado deberá preparar unha programación de obras e pezas de diferentes estilos nos distintos instrumentos de percusión e axeitadas ao seu nivel, que o profesor ou profesora seleccionaría segundo os criterios pedagóxicos que estimara oportunos.

Debido á variedade de recursos didácticos existentes, dende o departamento de percusión non nos plantexamos unha lista cerrada de obras ou pezas concretas a preparar por curso, senón que estableceremos un número mínimo delas a superar por instrumento, deixando a elección destas ao profesor ou profesora.

Para este curso o programa a preparar sería o seguinte:

- Caixa: 1 peza/obra e 1 peza/obra rudimental por trimestre.
- Timbais: 1 peza/obra por trimestre.
- Marimba: 1 peza/obra a catro baquetas por trimestre.
- Vibráfono: 1 peza/obra a catro baquetas por trimestre.
- Multipercusión: 1 obra con varios movementos por curso.

9.10.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

Serán realizados tres tipos de avaliación:

Avaliación inicial: Desta avaliación parte o noso proceso de ensinanza – aprendizaxe. Servirá para detectar as necesidades e capacidades do alumnado do grupo e así poder planificar o noso traballo de intervención educativa.

Avaliación continua: A través dela o profesor valora de forma constante o progreso do alumno durante o curso, así como a súa actitude e asistencia e suporá o **80%** da nota. En caso de superar o número de faltas de asistencia permitidas o/a alumno/a perderá o dereito a esta avaliación.

Avaliación puntual: Levarase a cabo nas audicións e concertos ou probas do alumnado onde o profesor valorará a cantidade e calidade do traballo presentado así como a actitude e comportamento nestes eventos tanto como intérprete como coma ouvinte. Suporá o **20%** da nota.



9.10.3.1 Criterios de avaliación

1. Coñecer os instrumentos da familia da percusión, así como as baquetas a usar en cada un deles e mostrar respecto e coidado dos mesmos.
2. Empregar con corrección os agarres dos diferentes tipos de baquetas e realizar os movementos de golpeo dos instrumentos de forma axeitada para obter un son de calidade.
3. Demostrar día a día na clase o progreso da capacidade de planificación e traballo autónomo na casa a través da preparación e interpretación do repertorio e exercicios programados para o curso.
4. Adoptar unha axeitada posición no instrumento e realizar os movementos necesarios de forma relaxada e correcta.
5. Demostrar a capacidade de memorización correcta de pezas do repertorio programado.
6. Interpretar con fluidez e corrección técnica e estilística, tanto en público como en clase, todo o repertorio programado para o curso en cada instrumento valorando sempre a calidade sonora e mostrando unha actitude crítica sobre a propia execución.
7. Interpretar en público, como solista, obras do repertorio demostrando calidade artística e capacidade comunicativa, así como autocontrol e coidado da posta en escea.
8. Ler a primeira vista pezas ou fragmentos de pezas axeitados ao nivel, con corrección, fluidez e comprensión.
9. Recoñecer, describir e interpretar pezas do patrimonio musical de Galicia.
10. Mostrar unha actitude positiva e receptiva en clase tanto ante o profesorado como ante os demais compañeiros.
11. Recoñecer a partir da escoita rasgos característicos de obras relativos tanto ao seu estilo como aos recursos interpretativos empregados nelas.

9.10.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar todo o repertorio programado con corrección técnica e estilística, sen parar e ao 85% do tempo indicado.
- Facer unha axeitada elección de baquetas e dicitacions.
- Dominar os diferentes tipos de golpe da técnica de Stevens de catro baquetas.
- Afinar os timbais con corrección.
- Facer redobres orquestrais na caixa cubrindo todo o espectro dinámico.
- Coidar en todo momento de obter un son de calidade e mostrar unha actitude crítica ante a propia interpretación e a dos demais.
- Dispoñer de hábitos correctos e eficaces para o estudo e traballo autónomo



sobre as partituras.

- Colocarse de forma correcta ante o instrumento e realizar os desplazamentos necesarios de forma relaxada.
- Memorizar as partituras de forma axeitada.
- Actuar en público con autocontrol e coidado da posta en escea.

9.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos a través dos que se levará a cabo a avaliación serán os seguintes:

- **Observación sistemática:** Será realizada diariamente nas clases, así coma de forma puntual o día do concerto.

Este procedemento infórmanos sobre as posibles motivacións, intereses, actitudes, gustos, progresos, e dificultades dos alumnos, xunto coas estratexias que utilizan no seu proceso educativo.

- **Gravación do concerto en vídeo** para a posterior proxección e debate a modo de coavaliación.

Ademáis de servir para que o profesor poida realizar un mellor estudo da interpretación, a través deste procedemento realízase unha importante recollida de datos respecto á valoración que é capaz de facer o estudante de sí mesmo, das actividades que realizou, da súa contribución ao resultado musical do grupo e ao desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe.

- **Revisión de tarefas:** Constitúe un instrumento moi válido para observar como se producen as aprendizaxes e as estratexias que utilizan os alumnos a través do seu traballo persoal nas partes encomendadas para o seu estudo, e ao mesmo tempo para que o profesor poida ver as lagoas ou deficiencias da metodoloxía ou actividades realizadas ata o momento.

En canto ás ferramentas para recollida de datos durante o seguimento ao alumnado empregaranse o diario de clase, follas de rexistro e a gravación en vídeo dos concertos.

Como medida de homoxeneización dentro do departamento de percusión, á hora de avaliar a interpretación das obras e estudos por parte do alumnado tanto en audicións como en probas puntuais de recuperación usarase a seguinte ficha de aspectos a valorar na que se indica a súa porcentaxe sobre a nota final:



| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dixitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

9.10.3.4 Criterios de cualificación

Á hora de avaliar ao alumnado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Traballo diario persoal e hábitos de estudo:** Valorarase a evolución persoal, o establecemento e cumprimento de obxectivos de estudo fixados, xestión do tempo, equilibrio de estudo entre as diferentes pezas ou obras, audición de diferentes versións do que se está a traballar, etc. Este aspecto suporá o **70% da nota do trimestre**.
- **Actitude na clase:** Valorarase o comportamento, interese, asistencia continuada, puntualidade, coidado do material, etc. Este aspecto suporá o **10% da nota do trimestre**.
- **Interpretación do repertorio en audición:** Valorarase a técnica, calidade do son, adecuación ao escrito na partitura, interpretación acorde ao estilo, etc. Este aspecto suporá o **20% da nota do trimestre** e levarase a cabo na aula e/ou en público.

As notas expresaránse en números enteiros de 1 a 10, sendo o 5 a calificación necesaria para superar o trimestre e/ou o curso. En caso de necesidade de redondeo para as nota con decimais superiores ao medio punto (> 0,5) tomarase o como nota final o número enteiro superior.

9.10.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación que a continuación describiremos serán postas en práctica no caso de que o alumno ou alumna non acade os obxectivos, ben por non completar as pezas ou obras programadas polo profesor titor para o curso, ou ben pola perda da avaliación continua por faltas de asistencia.



9.10.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

No caso de que o alumno ou alumna non consiga rematar as pezas e estudos programados en cada avaliación, terá dereito á realización dunha proba que consistirá na interpretación por parte do alumno ou alumna da **totalidade** das pezas que lle faltaron por completar das programadas para dita avaliación.

Devandita proba, que non durará menos de 30 minutos, poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, contando con voz pero non con voto aquel profesor ou profesora que non sexa o seu titor ou titora.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.10.3.3.

9.10.4.2 Probas extraordinarias

Aquel alumnado que non supere a avaliación ordinaria terá outra oportunidade para superar o curso nas datas que se establezan para as probas extraordinarias.

A proba a realizar consistirá na presentación por parte do alumno da **totalidade** das pezas programadas para o curso que lle faltaron por completar, as cales virán relacionadas no informe de materia non superada redactado polo titor ou titora.

A proba durará entre 20 e 30 minutos e poderá ser realizada ante todos os membros do departamento de percusión, onde o profesor ou profesora non titor terá voz pero non voto. Escolleranse de entre as pezas presentadas como mínimo unha de cada instrumento, unha das cales, a libre elección, será de memoria.

Aplicaranse os criterios de avaliación do curso e, en canto aos criterios de cualificación, estes virán dados na súa totalidade pola execución técnica e interpretativa das pezas e obras presentadas, atendendo aos aspectos especificados na táboa do punto 9.10.3.3.

9.10.5 Recursos didácticos

A continuación enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. O profesor será o encargado de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.



- **Caixa**

Métodos

Master Studies (J. Morello)
Accents and Rebounds (G. L. Stone)
Snare Drum Rudiments (B. Rich)

Estudos/Obras

Intermediate Studies for the Snare Drume (M. Peters)
Advanced Studies for the Snare Drum (Peters)
14 Contest Solos for Snare Drum (Pratt)
Douce Etudes (J. Delecluse)
Caixa D'orquesta (Ramada)
Clean It Up Please (Engelman)
Etude for Snare Drum nº 9 (Lilloff)
Snare Drum Suite (S. Fink)
Tornado (M. Markovich)
Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 8

- **Timbais**

Métodos

Intermediate Studies for Timpani (Peters)
Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley)

Estudos/Obras

Symphonic Studies for the Timpani (N. Woud)
Sonata for Timpani (J. Beck)
Seven Solo Dances (G. Frock)
Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 8

- **Marimba/Xilófono**

Métodos

Instruction Course for Xylophone (G.H. Green)
Modern School for Xylophone (M. Goldemberg)
Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens)

Estudos/Obras

Four Rotations for Marimba (E. Sammut)
Frogs (K. Abe)
Michi (K. Abe)
Ghanaia (M. Schmitt)
Etude no.1 for Marimba (P. Smadbeck)
Rhythm Song (P. Smadbeck)
Choro Bachiano (N. Rosauero)
Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 8
Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley)
Restless (O'Meara)



Suite No. 1 (J.S. Bach)
Xylophone Rags (G.H. Green)

- **Vibráfono**

Métodos

Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels)
Vibraphone Technique (D. Friedman)

Estudos/Obras

Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman)
Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.2
Blues for Gilbert (M. Glentworth)
Cristal Mallet (A. Lipner)
Trilogy for Vibraphone (T. Huesgen)

- **Multipercusión**

Estudos/Obras

Perpetual Motion (M. Peters)
French Suite (W. Kraft)
English Suite (W. Kraft)
Dualités (A. Miyamoto)
Inspirations Diabolique (R. Tagawa)
Kaling (G. Siracusa)
Side by Side (M. Kitazume)
The Love of L'Histoire (J. Delancey)
Top-Tanz (E. Kopetzki)

- **Batería**

Estudos/Obras

Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed)
Time Functioning Patterns (G. Chaffee)
The Art of Bop Drumming (J. Riley)

- **Percusión de Man**

Métodos

Método de Percusión Afro-Latina (D. Forcada)
Método de Percusión Brasileña (D. Forcada)
The Art of Bass Drum and Cymbal Player (Cirone/Whaley)
The Art of Percussion Accessory Playing (Cirone/Whaley)
Frame Drumming (P. Fagiola)



- **Repertorio orquestral**

Métodos

Orchester Probespiel (Gschwendtner/Ulrich)
Orchestral Repertoire for Xylophone Vol.1 e 2 (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for the Snare Drum (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for tambourine, triangle and castagnets (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for the Glockenspiel Vol. 1 e 2 (R. Carroll)
Orchestral Repertoire for bass drum and cymbals (R. Carroll)
Classical Symphonies for Timpani (M. Goldenberg)
Classic Overtures for Timpani (M. Goldenberg)
The Timpani Player's Orchestral Repertoire Vol. 1 a 5 (F. Hinger)

Por outra banda, os recursos TIC estarán presentes tamén na programación a través de diferentes aspectos:

Consultas en páxinas web especializadas na venta de material e instrumentos de percusión como Steveweiss, Percussionsource, Thomann, Tam tam percusión, etc.

Procura de información en páxinas web como Percussive Notes, PAS, Vic Firth, etc.

Audicións e recomendacións de escoita en aplicacións como Spotify e sitios web onde se compartan vídeos como Youtube, Vimeo, etc.

Gravación de concertos e audicións en audio e vídeo para o posterior visionado e/ou escoita en clase ou na casa.

Uso de equipos de audio para a reprodución de audios sobre os que tocará o alumnado, ademáis de outras pezas sobre as que se queira traballar ou concertos e audicións realizadas.



10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración ou actualización da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Percusión para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.



11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



12. ANEXOS

12.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional

Na páxina web do centro, no apartado “Estudos” pódese encontrar toda a información referente a este punto.

[Documento de información sobre as probas de acceso.](#)

12.2 Probas de acceso a outros cursos.

Do mesmo xeito que no punto anterior, toda a información relativa ás probas de acceso a outros cursos atópase na páxina web do centro no apartado “Estudos”.

[Información sobre as probas de acceso a outros cursos.](#)

12.3 Premios Fin de Grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

12.3.1 Contidos da proba

- Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima para a proba.
- Inclusión dunha serie de obras que representen, cando menos, tres estilos diferentes, quedando excluídos desta particularidade os instrumentos nos que non sexa posible.
- Interpretación de memoria dunha das obras presentadas.
- Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro (con rexistro de entrada e mediante soporte informático) das notas ao programa elaboradas por el/a mesmo/a, cando menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro. Estas notas ao programa seguirán Máximo dun folio con 3.750 caracteres en formato “DIN A4”.

12.3.2 Criterios de avaliación

- Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.
- Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.
- Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.



12.3.3 Criterios de cualificación

Ver anexo 12.4

12.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais

| Aspectos a avaliar na interpretación (AUDICIÓNS) | Porcentaxe |
|---|------------|
| Técnica correcta do instrumento e calidade de son (articulacións, dicitacións, redobres, uso do pedal, velocidade, etc.) | 40% |
| Corrección na interpretación e adecuación co escrito na partitura e ao estilo da mesma (ritmo, notas, dinámica, tempos e equivalencias, etc.) | 40% |
| Posta en escea/Actitude no escenario (intención, convicción, control dos nervos, adecuación da indumentaria, protocolo de escea, etc.) | 20% |

12.5 Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas, xustificadas e sen xustificar. O alumnado perderá o dereito á avaliación continua se, por calquera circunstancia, falta ao 30% ou máis das clases ao longo do curso. Isto supón na nosa materia de Percusión que non se poden ter máis de 6 faltas sen xustificar ou 9 xustificadas, pero nunca máis de 9 en total, sexan xustificadas ou non.

Para a xustificación das faltas haberá dispoñible na conserxería e na páxina web do Centro un formulario a tal efecto que debe de ser cuberto e entregado ao profesor titor de Percusión, que en todo caso será a persoa que acepte ou non tal falta como xustificada.